

Bono deporte

PERSOAS BENEFICIARIAS

- **Pai ou nai, titor/a** ou persoa que teña en acollemento familiar ou garda con fins adoptivos un menor con idade comprendida entre os 6 e os 16 anos no momento da solicitude, federado ou inscrito no programa Xogade para a compra de material e equipamento deportivo para o menor, nos establecementos comerciais, entidades deportivas e prestadores de servizos de Galicia adheridos ao programa, así como a contratación de servizos relacionados coa práctica da actividade deportiva (cota de clubs deportivos).
- Cada menor xerará dereito a un único Bono deporte.
- O identificador Xogade ou o número de licenza deportiva federada deberá estar emitida durante 2023, e o menor deberá continuar no programa Xogade ou ter licenza deportiva federada no momento da descarga do bono.
- As axudas entenderanse preconcedidas coa descarga dos bonos polas persoas beneficiarias.

ACTIVIDADE SUBVENCIONABLE

- **Compra de material e equipamento deportivo** para o menor, **contratación de servizos relacionados coa práctica da actividade deportiva**, entendéndose expresamente incluída entre estes servizos a cota de clubs deportivos, a través do Bono deporte e nos establecementos comerciais, entidades deportivas e prestadores de servizos de Galicia adheridos ao programa.

DATA DE DESCARGA DOS BONOS

- Os bonos estarán dispoñibles na web www.bonodeporte.gal
- Descarga polas persoas beneficiarias desde o **8 de xaneiro de 2024 ao 29 de febreiro de 2024**.
- Opcionalmente, os bonos poderanse solicitar presencialmente na Secretaría Xeral para o Deporte e nos servizos de Deporte.

ALTA DOS ESTABLECEMENTOS ADHERIDOS AO PROGRAMA

- Os **establecementos comerciais, entidades deportivas e prestadores de servizos** que cumpran os seguintes requisitos: **desenvolvan a súa actividade en Galicia** e reúnan as condicións legalmente establecidas para o exercicio da súa actividade, no caso das **entidades deportivas**, que estean **inscritas no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia**; e en ambos supostos que estean dados de alta no IAE.
- Os establecementos comerciais, entidades deportivas e prestadores de servizos que desexen adherirse ao programa Bono deporte deberán rexistrarse dende o **12/12/2023 ao 02/01/2024** na web www.bonodeporte.gal

BASES REGULADORAS

- Orde do 5 de decembro de 2023 (D.O.G. Núm. 233, do 11 de decembro de 2023).

IMPORTE

- 16.120.000 €
- Cada **bono** terá un valor de **120 €** e terá a consideración de bono **descontó do 80 % da compra ou servizo adquirido**. O importe do bono irase reducindo en función do valor da compra realizada, **IVE incluído**.
- Estas axudas son compatibles con calquera outra procedente doutras AA.PP.

INFORMACIÓN

Teléfono de contacto: **881996344**

- Dubidas e suxestións: bonodeporte@xunta.gal